



INSTALACIÓN GRACIELA SACCO

Esta instalación realizada polo ciclo de educación infantil do CPI Atios toma como base a obra de Graciela Sacco ¿Quién Fue?. E partindo dela fan unha reinterpretación da mesma

Graciela Sacco (Rosario, Arxentina, 1956 - 5 de novembro de 2017) foi unha artista visual e profesora arxentina. Traballou principalmente con fotografía, vídeo e instalación.

O seu traballo consistiu en investigar movementos artísticos e a múltiple produción artística.

Na súa obra ve a arte desde dous puntos nos que abordou e estudou os conflitos entre a sociedade e a arte.

- O primeiro sendo a arte un medio que permita relacionar a arte coa vida mesma.
- O segundo a reflexión da postura da arte fronte á sociedade dun contexto contemporáneo e as relacións que se xeran e crúzanse.

Deste xeito a súa obra expón preguntas, xerar discusión así como cuestionamentos de todo tipo sobre o cotián, a sociedade, a política, etc.

Dende o ciclo de infantil afrontamos está actividade como denuncia a violencia machista, unha das lacras da nosa sociedade,

Cada ano unha morea de mulleres sofren violencia a mans dos homes, nas caixas de fósforos están representados **gritos de repulsa** a dita violencia, as humillacións, os insultos, as vexacións e a violencia física.

Porque as mans nunca deberán ser empregadas como arma, facendo dano e provocando fondas feridas nas mulleres que as reciben.

Por iso na aula estivemos a falar sobre aquelas outras acción que podemos facer con elas.

Nas fotografías refléxanse algunhas delas

Accións que nos falan de agarimo, de momentos compartidos, de apoio de presenza e de respecto

A finalidade desta instalación é facer conscientes aos nenos e as nenas das consecuencias negativas da violencia e amosarlles outras vías kde resolución de conflitos.



FOTOS EXPOSICIÓN ORIXINAL



FOTOS EXPOSICIÓN DO CICLO DE INFANTIL



ENLACE A GALERÍA DE FOTOS:

<https://photos.app.goo.gl/nSr8wxBfw1Rv4EhMA>